

ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL CURTIS

Listaxe provisional de admitidos e excluídos no proceso selectivo para a cobertura, mediante persoal laboral fixo, dunha vacante de orientador laboral, incluída na OEP 2020 para estabilización emprego temporal

ANUNCIO

Listaxe provisional de admitidos e excluídos no proceso selectivo para a cobertura, mediante persoal laboral fixo, dunha vacante de orientador laboral, incluída na OEP do Concello de Curtis do ano 2020 para estabilización de emprego temporal

Mediante resolución da Alcaldía núm. 392/2021, de data 25/06/2021, aprobouse a listaxe provisional de admitidos e excluídos no proceso selectivo para a cobertura, mediante persoal laboral fixo, dunha vacante de orientador laboral, incluída na OEP do Concello de Curtis do ano 2020 para estabilización de emprego temporal, que deseguido se transcriben:

“PRIMEIRO.–Aprobar provisionalmente a lista de admitidos e excluídos no proceso selectivo que figura coma anexo na presente resolución.

A inclusión dos aspirantes na lista de admitidos non supón, en ningún caso, o recoñecemento por parte da administración municipal de que aqueles reúnan os requisitos esixibles para ser nomeados funcionarios, os cales deberán acreditarse segundo o establecido nas bases da convocatoria.

SEGUNDO.–Conceder un prazo de 10 días hábiles, a partir do día seguinte ao da publicación da presente resolución no Boletín Oficial da Provincia para que os aspirantes que o consideren oportuno procedan a subsanar as deficiencias sinaladas ou presentar as alegacións que estimen oportunas.

De conformidade co previsto na Base 3ª.2 das Bases Xerais, os aspirantes deben posuír os requisitos esixidos ao día do remate do prazo de presentación de instancias, polo que a subsanación referirase exclusivamente a documentación existente e con data anterior á finalización do prazo de presentación de solicitudes.

No caso concreto das taxas só caberá a subsanación no suposto de ter realizado o ingreso dentro do prazo de presentación de instancias e non se aportase o xustificante bancario, de conformidade co establecido na base 6ª.4 das bases xerais. A falta de pago no devandito prazo determinará a exclusión definitiva do aspirante das probas selectivas.

TERCEIRO.–Publicar a presente resolución no Boletín Oficial da Provincia, no taboleiro de anuncios municipal e no taboleiro electrónico de anuncios da sede electrónica do Concello de Curtis.”

ANEXO

Listaxe provisional de admitidos/as

DNI	Apelidos e nome	CELGA
*262G	Campos González, M.ª Teresa	SI
*369N	Díaz Martínez, María Sofía	SI
*302E	Ferro Gómez, María José	SI
*491X	Gándara Carro, Susana Aurora	SI
*672B	Nieto Santos, Susana	SI
*849Q	Patiño García, M.ª Carmen	SI
*639E	Rejes Canoura, Isabel	SI

Listaxe provisional de excluídos/as

DNI	Apelidos e nome	CELGA	Motivo exclusión
*559T	Cabaleiro García, Ana María	SI	(3)
*625W	De la Peña Rodríguez, María de la Paz	SI	(1);(2)
(1) Non achega instancia conforme Anexo II das bases específicas para participar no procedemento de selección (base 4.ª.1 das bases específicas) ou a mesma non ten os campos obrigatorios cubertos. (2) Non achega xustificante de pago de taxas (base 6.ª bases xerais). (3) Presentación fóra de prazo.			

Curtis, 28 de xuño de 2021.

O alcalde

Javier Francisco Caínzos Vázquez

2021/5378